

Presentación do número

Un número novo da revista ambientalMENTEsustentable que recolle novas miradas e reflexións sobre o ámbito da educación ambiental, esta vez cun sesgo máis histórico e de recapitulación sobre o muito xa feito.

Nesta entrega preséntanse interesantes aportacións que reelaboran a historia desta disciplina xa non tan nova: desde a análise contemporánea se fai unha lectura do que ten acontecido para vislumbrar os posibles camiños de cara a acción. Comézase cun artigo de revisión sobre a confluencia entre ecoloxía, movemento pacifista, seguranza internacional e democracia, cunha perspectiva internacional e desde a complexidade; e complétase a revisión coa aportación de tres autores que farán unha lectura propia da historia da Educación Ambiental, do concepto de educación na área ambiental e na traxectoria do desenvolvemento humano. Esta visión complétase cun riguroso traballo de investigación sobre un dos antecedentes na práctica da Educación Ambiental, o movemento hixienista, baseándose nun estudo de caso. Como colofón teórico, un artigo descritivo, creativo, optimista e suxestivo do que foi e é a Pedagogía Ambiental: unha poética viaxe sobre as metodoloxías e conceptos que alimentaron as distintas prácticas.

Este número remata coa presentación de diferentes experiencias que nalgúns casos constitúen traxectorias e retos e noutros podemos calificalas como boas prácticas; en concreto, preséntanse exemplos de técnicas de comunicación eficaz e de desenvolvemento turístico sustentable aplicadas á conservación, retos de xestión do coñecemento aplicados á xestión enerxética e exemplos de participación social ligados á investigación científica para a xestión da biodiversidade.

En todos os números recupéranse acordos, cartas ou recomendacións internacionais con temas relacionados coa Educación Ambiental, co fin de facilitar o acceso e uso dos mesmos: neste número recóllese a declaración política e os compromisos adquiridos no Cumio Mundial sobre Desenvolvemento Sustentable (Johannesburgo, 2002).

Consello de Dirección